

Memoria gráfica do EDLG do

IES Lamas de Castelo

Curso 2022-23



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

Elas fano en galego



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Coñécelas? Que fan?

EDLG do IES Lamas de Castelo



Elas fano en galego



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

A que se dedican?

EDLG do IES Lamas de Castelo



Elas fano en galego




[Laura Suárez]
(Cee, 1994)

Laura Suárez é unha ilustradora e, ás veces, autora. Gradouse en Belas Artes na Universidade Politécnica de Valencia e ten un máster de Ilustración e Cómic na escola Elisava de Barcelona.

Céntrase especialmente no ámbito editorial infantil e na banda deseñada. Utiliza técnicas mixtas ao mesturar materiais tradicionais coas ferramentas dixitais.

Algunhas obras en galego son *Monte Pindo. Historias e lendas do olimpo celta* e as ilustracións do libro *Conexión Macarrón* de Leticia Costas, así como de *100 adiviñas para enredar* de Nones Araújo.

Información imaxes tiradas de <https://www.instagram.com/laurasuaarez/>, <https://www.laurasuaarez.org/> e <https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=ilustradores&id=100138833>



[Ilustradora]



Elas fano en galego



Laura Romero
(Alicante, 1991)

Laura Romero é ilustradora, urban sketcher e música. O seu traballo combina elementos deses tres eidos: debuxo en vivo durante festivais e concertos, o proxecto *Músicas Galegas Ilustradas*, espectáculos de música e ilustración en directo, deseño de logos para bandas...

No ámbito musical é **baixista**, membro dunha das bandas máis veteranas do rock galego, **Zënzar**. Socia do AGPI, licenciada en Belas Artes, Máster en Creación e Investigación en Arte Contemporánea na Universidade de Vigo e prácticas e bolsas en diferentes lares.



Información tirada de <https://eleromero.com/> e <https://descubreas.com/es/profesional/laura-romero/>

[Ilustradora e música]



Elas fano en galego



Fillas de Casandra
(Vigo, 2002)

María Pérez (1996), de nome artístico MaríaSOA é voz, percusión e piano; Sara Faro (2001) é voz e percusión. Xuntas forman o dúo **Fillas de Cassandra**, un dos proxectos da nova música emerxente máis prometedor do panorama galego. Ao pouco de formarse, presentaron en febreiro de 2023 o seu primeiro disco "**Acrópole**". Música feita desde unha ollada feminista e actual, os oito temas que presentan transitan da emotividade ao desenfado vibrante, sen esquecer o activismo. Nas súas cancións recrean os mitos de Cassandra, Lisístrata, Pandora, Antígona...

Información tirada de <https://www.luneda.gal/tremendo/fillas-de-cassandra/> e <https://fillasdecassandra.eu/>



[Músicas feministas e mitoloxía]

Elas fano en galego



Isabel Risco
(A Coruña, 1975)



Isabel Risco é unha actriz, graduada en Pedagogía Teatral, que comezou a súa andaina no teatro universitario moi nova. Foi presentadora de galas, contadora de contos e traballou na radio, actriz en curtametraxes, actriz de teatro e cómica en programas da TVG. Ten varios premios polo seu traballo, entre eles o Mestre Mateo do 2014 polo seu papel en *Era visto!*

Política vinculada ao nacionalismo galego e á reivindicación dos dereitos das mulleres e da lingua galega. O seu personaxe *Nabiza girl*, a superheroína galega é un espectáculo cheo de humor e rebeldía, que en breve sairá en banda deseñada, debuxada polo ilustrador galego Manel Cráneo.

Información tirada de <http://www.isabelrisco.eu/> e <https://www.culturactiva.org/gl/artista/isabel-risco>





[Actriz e rebelde activista]

Excursión a Santiago de Compostela



Visitamos o Museo de Historia Natural, o Museo do Pobo Galego e o Gaiás



Día do lector e da lectora: 3 novembro

Conmemoramos de novo esta data cunha exposición da obra de Xosé Neira Vilas, unha lectura de textos seus e a elaboración dun cartel para homenaxealo.



Na biblioteca, homenaxe a Xosé Neira Vilas



25 N: Lecturas contra a violencia machista



Unha marea laranxa e negra achegouse á biblioteca para ler e escoitar



Lecturas para o Nadal

Música e poesía


De tu casa a la mía de Uxía e Javier Ruibal



Un disco maravilloso onde se xuntan as poesías de Rosalía de Castro e Federico García Lorca, cantadas pola nosa cantora e embaixadora Uxía e o cantautor andaluz Javier Ruibal. Unha delicia.

O aghinaldo de Malvela

Se vos animades a recuperar o costume de cantar o aghinaldo nestas noites de nadal, podeades aprender estas cancións das Malvela e ir animar a veciñanza.



Nunca máis da Plataforma Nunca Máis

E agora que acaban de cumprirse os 20 anos do terrible afundimento do Prestige e da marea negra terrible que provocou, igual non está de máis lembrar as cancións que xurdiron á conta desta catástrofe ecolóxica.



Do Meiga ao KOHA...

Neste primeiro trimestre produciuse o cambio de programa informático da xestión da biblioteca. Levabamos moitos anos traballando co **Meiga**, pero a Consellería de Educación decidiu pasar as bibliotecas ao sistema libre **Koha**.

E para que vos vaiades afacendo á súa aparencia, velaquí tedes unha imaxe dun libro catalogado co novo programa. Cómpre dicir que acabaremos afacéndonos nós tamén a usalo, pero levar, leva ben máis tempo catalogar. Mais, aos poucos vaise facendo...

Library catalog entry for 'A ladroa da biblioteca de Meirás / Eva Mejuto' by Eva Mejuto. The interface shows the book title, author, publication details, and a table of copies.

Exemplares (1)		Notas do título		Comentarios (0)	
Tipo de item	Localización actual	Signatura topográfica	Disponibilidade	Data de vencemento	Costos de adquirir
	IES Lamas de Castro		Disponible		

... e tira porque nos toca!

Aí vén o Nadal!



O Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do IES Lamas de Castelo animávos a ler nestes días libres.



Un paseo á beiramar e un libro para relaxar!

Boas vacacións!!!




Lecturas para o Nadal 2

Mulleres da nosa historia


As alumnas de Paula Carballeira

Unha obra de teatro en homenaxe a unha das mestras republicanas, **María Barbeito**, lembrada por dúas das súas alumnas moitos anos despois.






E seguindo con mulleres importantes da nosa historia, unha das nosas pioneiras no cine e no teatro, **María Casares**. Galega, nacionalizada francesa ao exiliarse n Francia por ser filla do ministro republicano Santiago Casares Quiroga. Unha figura importantísima no século XX e un modelo a seguir. Hoxe os premios máis destacados do teatro en Galicia levan o seu nome.

María Casares. A impaciencia por vivir de María Canosa e Bea Gregores.



Móllate con nós!

Neste curso falamos de traballar nun **proxecto interdisciplinar** que tivese como centro de atención a auga. Cómprenos concretar actividades e fixar tempos para darlle a atención que merece. Son moitas as posibilidades que temos para achegármonos a esta temática e desde os máis variados puntos de vista: desde as lendas relacionadas con ela, desde a divulgación científica, desde a análise ecosocial, só por citarmos algúns dos posibles.



De todo un pouco

Que me pare o corazón se te esquezo de Andrea Maceiras

Blue Shiva é a deusa das redes sociais. Na súa popular canle aparecen os retos virais máis arriscados. Pero tamén é unha deusa fráxil. Unha historia curiosa e narrada a dúas voces.



Un ewok no xardín de Pedro Ramos

Gañadora do Premio Edebé de literatura

xuvenil. «Unha novela arriscada, cun tema valente e necesario hoxe en día, que lles interesa e preocupa aos mozos. Destaca literariamente polo seu estilo, espido de recursos, que formalmente te atrapa».



Retratos en branco e negro de Charo Pita

Retratos fantasmiais onde o extraordinario e o cotián, a fotografía e a palabra, o branco e o negro van da man para construíren realidades que, dalgún xeito, acaban apuntando á nosa.



Encontro-coloquio coa ilustradora Laura Suárez



Explicou o proceso de creación do libro *Monte Pindo: Historias e lendas do Olimpo Celta*




I Concurso de relato breve a partir de fotografías



Convocamos un concurso de relato breve a partir de imaxes tomadas polo alumnado de 4º de ESO na materia de EPeV. Na foto da dereita aparece o alumno premiado polo seu relato “Algo vai saír mal”.

Charla sobre **os videoxogos e o galego** impartida por Carlos García Vieito da Mesa pola Normalización Lingüística




A lingua galega e os videoxogos

Carlos García Vieito

Responsábel de comunicación e coordinador dos grupos territoriais e voluntariado

IES Lamas no Castelo, 31 marzo 2023

Falounos de moitos videoxogos, do galego e da presenza de Galicia neles, así como da necesidade de esixir produtos galegos en galego.



Recital poético no Día de Rosalía: recitou o alumnado, a auxiliar de conversa e moito profesorado



Participamos no recital organizado polo Concello de Carnota



Música e lingua con Zënzar



Paco Cerdeira e Laura Romero, dous compoñentes de Zënzar fixeron un repaso pola música galega contemporánea e polo papel das mulleres na mesma. Laura debuxou mentres Paco tocaba.



E Laura Romero posou para nós co seu cartel de *Elas fano en galego*, no Taboleiro do EDLG



Participamos no Regueifando! 2023 do Correlingua co alumnado de 3º de ESO

YouTube^{ES}

Regueifando! 2023



Regueifando! 2023

Concerto de Alberto Romero nas Xornadas Culturais



Alberto tocou diversos estilos musicais e con diferentes guitarras, pois é a súa especialidade. Falounos da súa traxectoria e convidounos a tocar e cantar con el.




Expo na biblioteca e cartel no taboleiro de EDLG: Francisco Fernández del Riego



Lecturas para a primavera 1

De flores diversas

Fiúncho de Cristina Barreiro Fernández



Un poemario sobre temas cotiáns, variados coma son os problemas das nosas vidas. Temas actuais, entre eles tamén os amores.

O gran libro da nosa horta de Blanca Millán

Neste libro danche as claves para faceres unha horta, cales son os mellores lugares, épocas para plantar, recoller... todo o que precisas para cultivala e coidala.



O xardín das sete portas de Concha Castroviejo.

Catorce contos e unha peza teatral. Historias cheas da maxia, a fantasía e a cor dos paraísos que coñeceu a súa autora.



Libro premiado xa no 1961 e agora traducido ao galego e con ilustracións de María Lapido.

De denuncias varias


Agora que cala a noite de Elba Pedrosa

Voces de mulleres que berran, que se expresan, que se queixan e que se liberan. Voces que lle plantan cara á violencia machista en todas as súas facetas e que reclaman protagonizar as súas propias vidas.



Azucres de Bibiana Candia


Galiza a mediados do século XIX. O país está asolado pola fame e a enfermidade. A única saída para os mozos como Orestes Veiga pasa por buscar un futuro mellor en Cuba. Inxenuos pero cargados de ilusión, acabarán traballando nos campos de azucres, tratados como escravos.



Fóra de rexistro de Virxilio Rodríguez Vázquez

Novela breve que presenta unha reflexión sobre o estrañamento, o drama inmenso da separación e do desarraigamento.

Premio Xosé Neira Vilas de novela curta 202



**Chegou o maio...
de flores cuberto!**

O Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do IES Lamas de Castelo animanvos a ler!!

Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Bibliotecas escolares de Galicia



Lecturas para a primavera 2

Traducidos ao galego

Desgrazas dunha familia vitoriana de Idoia Iribertegui

Álbum ilustrado que é un divertimento, un xogo absurdo, irónico e improbable.


Historias marabillosas que a era vitoriana inspirou e que lle puideron pasar a esta familia (marcada pola fatalidade).

Con aires que lembran a Edgar Allan Poe, Dickens e especialmente a Edward Gorey, este relato non pretende máis nada que divertir con imaxes de historias dun mundo e un tempo desaparecidos.



Lingo: guía de Europa para turistas lingüísticos de Gaston Dorren


Lingo propón unha viaxe por Europa e o seu amplo abano de linguas. O autor recolle sesenta curiosidades arredor da diversidade lingüística europea que combinan historia, cultura e lingüística.



Da antigüidade a hoxe


Mitos e lendas da vella Grecia de Anisia Miranda

Celebramos a nova edición deste libro, que de xeito ameno, didáctico e fluído, ofrece unha selección dos principais deuses e heroes do Olimpo, de antigas crenzasunha e de lendas que conforman a base da cultura e da mitoloxía da Hélade, alicerces da occidental, coa pretensión de achegala á xente nova nos seus aspectos máis fundamentais.



Xestas olímpicas de Héctor Cajaraville

Da Antiga Grecia viñan as xestas olímpicas e no 1896 retomáronse as primeiras olimpíadas modernas, que aínda hoxe se conservan, esas fazañas que os heroes e as heroínas conseguen cada día no eido deportivo, con moita práctica e esforzo, nun intento de superación.



De todo un pouco


A culpa de María Solar

Unha novela trepidante onde unha multimillonaria, a señora Gondar, lle deixa unha inmensa cantidade de diñeiro en herdanza a Amanda, a empregada da oficina bancaria onde tiña gardada a súa fortuna. Porén, tamén lle deixa en herdanza 'a culpa'.



Estranxeiras de Carmen P.G. Granxeiro

Trátase dun relato de esperanza no cal a realidade queer, as transicións e a historia colectiva conviven nun podcast, en múltiples vidas e algunhas mortes, á vez que vivimos o debate entre o abandono do rural ou a súa revitalización.



A novela conseguiu II Premio Pinto e Maragota pola diversidade de sexo e xénero no 2021

Revista *O Gherreiro* 2023 na aula virtual do centro

Revista "O Gherreiro 2022-23"



[Taboleiro](#) / [Os meus cursos](#) / [O Gherreiro](#)

Activar a edición



O Gherreiro do Monte Pindo



Revista *O Gherreiro* 2023

Celebramos o
Magosto



Fomos de excursión a
Santiago



Día do lector e da
lectora



Lecturas contra a
violencia



Xogos matemáticos




Visitounos Laura
Suárez



Conmemoración do
Día Internacional da
Muller e da Nena na
Ciencia



Panos contra o cancro
infantil



Recitamos para
Rosalía



O noso 8M



Día Internacional das
matemáticas



Participación no
Canguro Matemático




Excursión de 3º a Pena
Aventura



Nacen pitos no Lamas
de Castelo








Algo vai saír mal



O noso Día de autores
e autoras europeos



Revista *O Gherreiro* 2023



Entrega de agasallos ao alumnado do EDLG



Ao final de curso, uns pequenos detalles para o alumnado do equipo, para animar a continuar co traballo nos vindeiros cursos.

